



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Nomeamento como funcionaria de carreira do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal dunha praza de educadora/or social (A2)

ANUNCIO:

Nomeamento como funcionaria de carreira do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal dunha praza de educadora/or social (A2) .

Por resolución da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior, núm. 2025 do 24 de outubro do 2023, resolveuse o seguinte:

“Primeiro.- Nomear a dona Amaya Freire Zabalza con DNI núm.***4195** funcionaria do Concello de Culleredo na escala de administración especial, Subescala técnica, denominación: educador social, Grupo A2 (código RPT BS.3.2.02).

O gasto efectuarase con cargo ás partidas 2312.12001, 2312.12006, 2312.12100, 2312.12101 e a Seguridade Social con cargo á partida 2312.16000.

Segundo.- Aceptar a solicitude de renuncia de D^a María Isabel Vázquez Santiago con DNI num.***5291** a formar parte da lista de reserva para nomeamentos de educador/a social.

Terceiro.- Aprobar a lista de reserva para nomeamentos de educadores/as sociais:

1	***2946**	MOSQUERA RODRÍGUEZ, MARÍA JOSÉ	53.68	9.375	63.055
2	***6677**	LORENZO CAAMAÑO, BEGOÑA	36.74	10.00	46.74
3	***9526**	ESOURIDO RAPA, MARÍA CRISTINA	9.02	10.00	19.02
4	***2384**	PÉREZ CALVO, VERÓNICA	7.70	10.00	17.70
5	***9055**	GONZÁLEZ BORRAJO, RAQUEL	5.72	10.00	15.72
6	***1080**	SÍO DOCAMPO, MAITE	5.06	10.00	15.06
7	***3008**	SÁNCHEZ SUÁREZ, CARLA	0.00	10.00	10.00
8	***8911**	PIÑEIRO RIAL, CRISTINA	0.00	0.00	0.00

A lista resultante de cada proceso selectivo permanecerá en vigor ata a aprobación dunha nova bolsa resultante dunha convocatoria posterior, e deixará sen vixencia as listas derivadas de procesos anteriores. No caso de que unha lista xerada para un proceso selectivo se esgotase, quedará activada automaticamente a última que estivese vixente con anterioridade.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

Culleredo, a 25 de outubro de 2023

A concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm. 1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2023/8498